




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Boiro. Parroquias: Santiago de Lampón ao suroeste, Santa Baía de Boiro no centro e San Vicenzo de Cespón nunha estreita franxa ao nordés. Extensión: 6,96km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

O relevo da unidade artículase en torno ao val e a desembocadura do arroio Coroño que, seguindo unha falla de dirección NO.-SE., encáixase cara á súa cabeceira na Serra do Barbanza. O tramo final do val é claramente disimétrico, xa que as vertentes occidentais son máis inclinadas que as orientais (40 % e 15 % de desnivel medio, respectivamente). Na súa desembocadura, o río conforma unha área estuarina na que se desenvolve un complexo marismal sedimentario, ao noroeste da Enseada de Boiro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O cuadrante SO. da unidade pertence ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe (Idade precámbrico-silúrica), presentando como especies rochosas xistos e paragneises. O resto é plutónico do Hercínico. No NO. da unidade, ao O. do Río Coroño, aparece un granito de dúas micas, de gran medio a grosso, orientado por deformación (Tipo Barbanza). O resto da unidade, cuadrantes NE. e SE., están dominados por un granitoide migmatítico, con áreas de facies graníticas homoxéneas e outras que presentan abundantes restitos. Con todo, nestes dous cua drantesé posible atopar bandas e enclaves de ortogneis glandular prehercínico, de granodiorita precoz con megacristsais, e de materiais metamórficos precámbrico-silúricos do citado Dominio Migmatítico. O Cuaternario conta con importante representación no S. da unidade e no val do Río Coroño. No primeiro caso por depósitos areosos de praia e duna e aluviais de fondo de val, no segundo, aluviais, ao longo do curso fluvial.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido coa súa variante Moi Húmida no extremo nororiental da unidade onde se chegan a rexistrar hasta 1600mm de precipitación media anual.

OS SOLOS

Na desembocadura do Río Coroño fórmanse chans relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariña, aparecendo arenosos ao redor dos depósitos areosos costeiros e fluvisóis sálicos e háplicos nas áreas de marisma da parte interna do esteiro. O val fluvial está formado por profundos chans de veiga na súa parte central xunto á canle principal e cambisóis eútricos nas suaves ladeiras da conca dando paso a umbrisois nos tramos da cabeceira.


AS AUGAS

O arroio Coroño é o principal colector que desemboca no Esteiro de Boiro. No seu camiño cara á masa de Augas Costeiras a este río únenselle dous afluentes destacados desde a Serra do Barbanza: de norte a sur serían o arroio Pequeno e o Cachopo.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Fronte sedimentario. O pequeno esteiro conta cos hábitats 1110 e 1140, de bancos areosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros, ademais dunhas pequenas marismas (grupo 13). O areal, tamén con eses bancos areosos, destacan os hábitats dunares atlánticos (grupo 21) aínda que moi degradados pola urbanización da frecha. O Río Coroño é o principal valor ecolóxico da chaira ou val costeiro, centrado no bosque de ribeira que vai desenvolvendo ao longo do seu percorrido. A iso haberá que sumar as agrupacións de frondosas de recolonización. Xa nas partes altas, nos poucos sectores non alcanzados por especies de repoboación forestal, esténdense as matogueiras secas do 4330, breixeiros secos europeos, e as pendentes rochosas con vexetación casmofítica (grupo 82).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predomina o uso agrícola xunto ao conxunto de vivendas, conformando un mosaico de carácter rural marcado polo armazón que conforma a súa rede de estradas secundarias. Na periferia da unidade, os montes están cubertos de árbores de repoboación. Tanto os cultivos agrícolas como estes bosques veñen interrompidos polo trazado da vía do Barbanza que divide a unidade en dúas mitades norte e sur. Hai que destacar a presenza dunha central fotovoltaica lindando coa vía AG 1.1 próxima ao polígono industrial de Espiñeira no nordeste da unidade. O río Coroño é o eixo vertebrador deste val costeiro con dous afluentes ao norte (Pequeno e Cachopo), con masas de piñeiro marítimo e finalmente, na fachada litoral, a praia de Xardín. O seu esteiro e a praia de Xardín confren un valor engadido ao uso turístico da zona.

MORFOLOXÍA

As vivendas responden á morfopoloxía típica da zona. Existen varios núcleos de marcado carácter rural: Pazos, Teaño, Bermo e Runes ao norte da unidade, e outros asentamentos dispersos máis recentes que se desenvolveron grazas á mellora das infraestruturas da rede viaria que comunica cos dous núcleos próximos máis importantes: Boiro e Escarabote.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O trazado da vía do Barbanza divide a unidade en dúas metades norte e sur. Pero a estrada que dá servizo á zona e comunica coas poboacións próximas máis importantes de Boiro e Escarabote é AC-305. Da estrada AC-305 parte en dirección norte unha estrada que axuda a vertebrar a dispersión dos núcleos rurais xunto a un armazón de estradas secundarias que rodean os cultivos de uso agrícola. Cun trazado paralelo ao litoral existe outra estrada máis ao sur que axudada dunha ponte atravesada o areal de Xardín e salva o esteiro de Boiro para comunicar ambas poboacións.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade identificáronse, petróglifos e mámoas, así como o castro de Runes forman o patrimonio arqueolóxico da unidade. Existe un abundante patrimonio cultural do tipo de cruceiros, pombais, petos de ánimas, entre o que destaca o Pazo de Goiáns.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade conforma un val de ladeiras de suave relevo no que se deixa sentir a influencia dos núcleos veciños de Boiro e Escarabote. O río Coroño atravesa a unidade de norte a sur e a ambos os dous lados localízanse numerosas parcelas agrícolas e masas de bosques de repoboación que confiren un marcado carácter rural á zona. Ademais ve incrementado o seu valor turístico coa presenza da praia de Xardín no esteiro de Boiro. O trazado da vía do Barbanza AG 1.1 divide a unidade en dúas metades norte e sur, aínda que a zona que queda máis ao norte ten un carácter rural máis marcado, ao sur predomina o uso turístico. A proximidade dos núcleos de Boiro e Escarabote propiciou a aparición de novos asentamentos nas marxes das estradas.

DINÁMICA DA PAISAXE

Un claro exemplo de alteración desta paisaxe que se ve afectada pola mellora da infraestrutura viaria apréciase coa construción de vías como a do Barbanza, e sobretudo na zona sur a creación doutra estrada que dá entrada ao núcleo de Escarabote, xa que se construíu nun das marxes do esteiro e sobre o areal da praia de Xardín. A mellora da infraestrutura viaria nunha zona con numerosas praias propiciou que unha zona de tradición marítimo pesqueiraestafo se vaia inclinando cara a sectores como o turístico, coa creación dunha área recreativa entre o esteiro e a praia de Xardín na marxe da estrada onde antes había parte do areal. Os tramos da rede viaria que atravesan a unidade comunicando núcleos urbanos de relevancia na zona tamén favorece o desenvolvemento de novos asentamentos nas marxes das mesmas cando noutro tempo o chan dedicábase principalmente ao cultivo agrícola.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O sistema natural que conforma o esteiro de Boiro na desembocadura do río Coroño, xunto ao areal da praia de Xardín dan forma a unha unidade de considerable beleza desde o punto de vista paisaxístico. No val contiguo ao río e cun relevo suave que gaña en altitude ao afastarnos da franxa litoral, aséntase os núcleos e algúns asentamentos máis recentes de forma dispersa, xunto a un armazón de parcelas agrícolas e masas forestais, que en conxunto co sistema natural anterior proporcionan unha gran calidade escénica á unidade de paisaxe. Estes núcleos achegan elementos etnográficos como cruceiros e petos de ánimas, pombales e o muíño de Ponche Goiáns. Un punto de observación próximo á desembocadura do río Coroño ofrece unha visión de todo o conxunto.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



